



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

ESCOLA DE CRISTELOS

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 42.030497, -8.764928

Tipo de ben: escola

Concello: Tomiño

Parroquia: Barrantes

Lugar: Cristelos

Cronoloxía: 1927

Construtor: descoñecido

Promotor: *Sociedad Protectora de Barrantes Pro Instrucción, Fomento y Protección Mutua de Barrantes*

Propiedade: -

Uso actual: escola

Estado de conservación: bo

Comentario e descrición

Esta escola foi promovida e inaugurada en 1927 pola *Sociedad Protectora de Barrantes Pro Instrucción, Fomento y Protección Mutua*, que tivo na dirección e como protector do centro a Daniel Calzado, emigrante a Bos Aires que unha vez retornado chegou a ser alcalde de Tomiño nos primeiros anos da década dos 30 do século XX. Foi, ademais, unha figura moi activa na vida cultural da colectividade galega na capital arxentina.

Nos estatutos de fundación deste centro buscábase a formación do alumnado sen facer distinción de sexo e nas materias xerais que se impartían naquela época, aínda que sempre estivo moi enfocada a coñecer a historia e o comercio dos países americanos, que se miraban como posible destino de futuro para os máis pequenos e pequenas.

O edificio estaba dividido en dúas partes. Unha reservábase para aula e outra para biblioteca, onde había material a disposición do alumnado e da veciñanza para documentarse sobre agricultura ou comercio. Na actualidade, tras unha rehabilitación no ano 2000 que deixou o interior diáfano, é a sede da Comunidade de Montes de Barrantes.

Arquitectonicamente, destaca pola súa sinxeleza, xa que a edificación exenta, que se alza sobre un baseamento que a nivela sobre o terreo, presenta planta rectangular, unha altura, paramentos de cachotería e tellado a dúas augas debaixo do cal houbo un faiado que non se conserva. A porta da fachada principal remata en arco de medio punto e a ámbolos seus lados ábrese tres vans. Nas cabeceiras tamén se abren vans, sobre un dos cales se pode ler a data de 1931. Carece de ornamentación algunha. Esta tipoloxía básica para os centros escolares repítese en varios concellos pontevedreses.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: BAR-01

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA